



PROGRAMA DE ACOLLIDA PARA O CURSO 21/22

Segundo as Instrucións do 06/07/21, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa en relación as medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2021-2022, o centro educativo elaborará un “Programa de Acollida”.

Segundo as directrices marcadas pola Consellería, foi elaborado polo Equipo Directivo do CEIP Plurilingüe Inmaculada, coas aportacións do profesorado do centro, a pesar de non ter formación en materia sanitaria nin de organización en aspectos relacionados coa prevención de riscos laborais.

Novas normas de organización e funcionamento do centro.

Ao inicio de curso enviarase unha circular informativa cun resumo dos aspectos máis significativos con respecto a estas novas normas de organización e funcionamento do centro.

USO DE MÁSCARA

O uso de máscara **será obrigatorio para todo o persoal e alumnado maior de 6 anos**, tanto dentro como fóra da aula, e se recomenda ao alumnado de E.I sempre que sexa posible.

O alumnado debe traer ao centro unha segunda máscara de recambio, así como un estoxo específico para gardala en caso necesario (educación física, comedor...).

A titora de 4º de EDUCACIÓN INFANTIL (3 anos) contactará telefonicamente coas familias do seu alumnado para informalos dos aspectos relativos a este grupo e a posibilidade de ter unha pequena reunión no patio o día 3 de setembro.

ORGANIZACIÓN DO CENTRO

- Os grupos cos que contaremos este ano son:

EDUCACIÓN INFANTIL	4º (3 ANOS)	10
	5º (4 ANOS)	20
	6º (5 ANOS)	18
EDUCACIÓN PRIMARIA	1º	18
	2º	17
	3º	14
	4º	23
	5º	11
	6º	11

Cada un destes grupos será considerado un **GRUPO ESTABLE DE CONVIVENCIA**.

O alumnado de cada grupo pode relacionarse entre si pero ten que evitar a relación co resto dos grupos estables.

Evitar que os grupos estables de convivencia se relacionen entre si obriga a organizar entradas, saídas e recreos, entre outros aspectos.

IMPORTANTE: Só poden acceder ao recinto escolar os acompañantes do alumnado de Educación Infantil. Os acompañantes do alumnado de Educación Primaria non poden acceder ao patio nin aos edificios.

Tanto nas entradas como nas saídas hai que evitar as aglomeracións de persoas.

Por elo, **só deberá vir un acompañante** por cada alumno ou alumna, será fundamental a puntualidade, non se debe chegar demasiado cedo, en canto o alumno/a entre ou saía os acompañantes deben abandonar os arredores do centro para evitar a formación de grupos de persoas.

Recomendámosvos que evitedes que os acompañantes sexan persoas de risco.

ENTRADAS

As 8:50 abriremos as portas de acceso ao recinto escolar. Cada curso terá asignada a súa hora e porta de entrada. Prégase o cumprimento estrito das quendas.

O alumnado de Educación Infantil debe entrar **acompañado só por 1 adulto** ata a porta da súa aula, na que as mestras de Educación Infantil os esperará.

Está terminantemente prohibido permanecer no patio nin nos corredores do centro. Cada curso considérase un grupo de convivencia, durante a xornada lectiva non terán contacto entre eles, polo que é imprescindible respectar as quendas de entradas e saídas.

Calquera que acceda ao centro ten que hixienizar os pés e as mans (estarán instalados produtos nas entradas) respectando a distancia de seguridade.

Na porta da aula o mestre/a que ten con eles a 1ª hora será o encargado de aplicar xel hidroalcohólico nas mans de cada alumno e alumna.

O alumnado de necesidades educativas especiais que precise de coidador/a para o seu desprazamento, será recollido polo profesorado ou coudador/a e acompañalo á súa aula.

Cursos	Porta entrada/saída	Hora de entrada	Hora de saída
3 e 4 anos	Cancela pequena	9:10	13:40
5 anos	Cancela grande	9:10	13:40
1º e 2º Ed. Primaria	Cancela grande	9:00	13:50
3º Ed. Primaria	Cancela pequena	9:00	13:50
4º Ed. Primaria	Cancela pequena	8:50	14:00
5º Ed. Primaria	Cancela grande	8:50	14:00
6º Ed. Primaria	Cancela grande	8:50	14:00

SAÍDAS

As familias de E. Primaria non poden acceder ao recinto escolar, só no caso do alumnado de E. Infantil, nas entregas e recollidas, e no período de adaptación do alumnado de 4º de E.I.

Non sairá ningún grupo ata que acabe de saír o grupo anterior.

En canto o alumnado entre ou saia os acompañantes deben abandonar de inmediato os arredores do centro, para evitar a formación de grupos de persoas.

Nas saídas non se permite que o alumnado quede formando agrupacións.

O primeiro día de clase establecerase un horario de entrada para cada grupo, coa finalidade de evitar aglomeracións.

XOVES, 9 DE SETEMBRO.

Cursos	Hora de entrada	Hora de saída
5º e 6º Ed. Primaria	9:00	13:40
3º e 4º Ed. Primaria	9:30	13:50//14:00
5º e 6º Ed. Infantil	10:00	14:00
1º e 2º Ed. Primaria	10:30	13:40

Este día o período de adaptación de 4º de Ed. Infantil comezará ás 11:00 h.

IMPORTANTE: Este día os acompañantes de Educación Infantil e Educación Primaria podedes acceder ao patio (por favor un acompañante por alumno/a). A directora e a titora dos vosos fillos recibiraos no patio e explicaravos os aspectos máis importantes desta volta a escola. De seguido o alumnado irá a súa aula.

Ao longo deste mes o profesorado traballará co seu alumnado o emprego da aula virtual co fin de estar preparados ante unha posible suspensión de clases.

O primeiro día de clase o alumnado deberá traer o material, co seu nome posto en cada cousa (pinturas, lapis, goma) todo iso metido nunha bolsa co seu nome e curso. O material o gardarán no espazo reservado na aula para eles. Non se poderá compartir material, deberán traer o que precisen.

Ademais, tódolos días, deberán traer un sobre de papel ou estoxo co nome, para deixar a máscara se nalgún momento deben prescindir dela.

RECREOS

Realizaráanse dúas quendas de recreo, con espazos delimitados por grupos.

- E.I. de 11:30 a 11:55
- E.P. de 11:55 a 12:20

Durante este curso escolar a comunidade educativa fará un gran esforzo por manter separados os grupos estables de convivencia , isto implica unha serie de normas que dende o centro inculcaremos ao alumnado, polo que solicitamos a implicación das familias, non só no centro se non tamén no ámbito familiar e social.

ASEOS

O alumnado de E.I, de (3º, 5º e 6º) de E.P ten aseo propio en cada aula.

O alumnado de 1º, 2º e 4º de E.P. empregará os aseos máis próximos, no edificio 5.

REALIZACIÓN DE EVENTOS

Non se realizarán actividades que supoñan a mestura de diferentes grupos en recintos pechados.

ATENCIÓN SECRETARÍA/DIRECCIÓN

Só se atenderá presencialmente con cita previa.

Podedes solicitala a través do teléfono (988 22 45 86) ou do correo electrónico (ceip.inmaculada@edu.xunta.es).

Tamén podedes empregar estas vías para calquera dúbida ou consulta .

TITORÍAS

É preciso pedir cita con antelación para ter unha titoría. A porta do recinto escolar non é un lugar axeitado de manter as titorías.

Nas reunións de titorías e nas comunicacións por outros motivos coas familias priorizarase a comunicación por teléfono ou videochamada, deixando constancia da mesma nos pertinentes documentos.

É imprescindible que teñan descargado no teléfono o abalarMóbil

En casos excepcionais que realízanse titorías de forma presencial.

ORIENTACIÓN

Priorizarase a comunicación por teléfono ou videochamada, deixando constancia da mesma nos pertinentes documentos.

Só se atendera presencialmente con cita previa.

SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

- Acollida / comedor

A ANPA é a encargada de xestionar estes servizos, coma no curso pasado tomaranse todas as medidas de seguridade ditaminadas por Sanidade: lavado de máns, distancia de seguridade, respectar os grupos estables de convivencia....

- Actividades Extraescolares

Logo da reunión mantida con parte da directiva da ANPA o 1 de setembro do 2021, mantemos a decisión de que polo de agora, mentres non cambie a situación epidemiolóxica, non teremos actividades extraescolares no recinto escolar, para poder seguir respectando as normas do centro de manter separados os 9 grupos de convivencia do alumnado separados.

A ANPA está a estudar realizar actividades diversas: natación, patinaxe..., fora do recinto escolar.

Actuacións de prevención, hixiene e protección.

Corresponde ao Concello xestionar, planificar, organizar e desenvolver as medidas de limpeza do centro. (teremos unha persoa do servizo de limpeza durante a xornada lectiva)

PREVENCIÓN

Compromiso realización autoenquisa clínica: diaria tanto por parte do profesorado como por parte do alumnado (realizarano as familias do alumnado no seu propio fogar antes de asistir ao colexio). O centro entregará un impreso de declaración xurada, na que se comprometen a realizar a autoenquisa e non mandar ao alumnado con síntomas ao centro.

Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliar por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.

O uso de máscara é obrigatorio para todos os maiores de 6 anos, e recomendase aos menores.

Antes de acceder ao centro ou a algunha das súas dependencias limparase as mans con hidroxel e manterase a distancia de seguridade sempre que sexa posible.

Durante os primeiros días do curso priorizarase o traballo sobre a adquisición de hábitos básicos de prevención, hixiene e protección, así como o coñecemento das novas normas de organización e funcionamento do centro:

- Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca.
- Hixiene de mans: lavado frecuente e meticuloso das mans con auga e xabón, durante polo menos 40 segundos, ou con solucións hidroalcohólicas, durante polo menos 20 segundos, no seu defecto. Cando as mans estean visiblemente sucias debe utilizarse auga e xabón.
- Recordar o emprego axeitado das máscaras: cómo poñelas e quitalas, onde se gardan...
- Durante os primeiros días, ensaio das entradas e saídas, valoración de aspectos a mellorar.
- Recordar a necesidade de extremar a orde no posto de traballo para facilitar as tarefas de limpeza.

Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.

Accións para os grupos de EI e de Educación Primaria :

Ao inicio de curso o alumnado de E. Primaria dedicarase varias sesións co alumnado para a familiarización da aula virtual, tanto no acceso como no funcionamento. Cada alumno e alumna recibirá unha etiqueta co seu usuario e contrasinal que deberán pegar na súa axenda para evitar perdas. Dedicarase un tempo a explicar a privacidade dos contrasinais e o uso seguro das mesmas.

Propónse tamén a todo o profesorado o emprego da Aula Virtual no ensino presencial por lo menos unha vez quincenalmente con tarefas diversas para unha correcta preparación ante un posible ensino a distancia.

Para o resto da comunidade educativa estarán accesibles na nosa web os vídeo tutoriais sobre a aula virtual .

Seguiremos enviando información a través da páxina web do centro, de abalarMóbil. Se é preciso seguiremos en contacto cos correos proporcionados polos mestres e por cisco webex.

Para rematar este protocolo ao inicio de setembro deberase proceder a actualización da base de datos realizada o curso pasado sobre os medios tecnolóxicos existentes no fogar para detectar problemas e poder darlle solución ante un posible ensino a distancia.


Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión.

Será o departamento de orientación o encargado de coordinar e deseñar as actividades dirixidas a atender estes aspectos, tendo en conta que serán actividades realizadas ao inicio do curso dirixidas polos titores ou titoras de cada un dos grupos estables de convivencia.

Este programa será difundido entre a comunidade educativa a través dos canles habituais.



1ª QUENDA DE RECREO 11:30---11:55



2ª QUENDA RECREO 11:55----12:15

